



**LER
PARA
SABER**

Estratexias de animación á lectura

rodeira



LER
PARA
SABER

Estratexias
de animación
á lectura

LIBRO: DESCOÑECIDOS								
INTELIXENCIAS MÚLTIPLES								
Estratexia								
1	X		X				X	X
2	X						X	X
3	X	X	X				X	X
4	X	X	X	X	X		X	X
5	X		X				X	X
6	X						X	X

LIBRO: DESCOÑECIDOS											
COMPETENCIAS BÁSICAS											
ESTRATEGIA											
	ESCOITAR	FALAR	LER	ESCRIBIR	COMPETENCIA MATEMÁTICA	COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO	COMPETENCIA DIXITAL E NO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN	COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ	COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA	COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER	COMPETENCIA EN AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL
1	X	X	X	X			X	X	X	X	X
2	X	X	X	X				X		X	X
3	X	X	X	X	X			X		X	X
4	X	X	X	X	X		X	X	X	X	X
5	X	X	X	X			X	X	X	X	X
6	X	X	X	X			X	X		X	X

OBXECTIVOS XERAIS

- * Promover o hábito da lectura.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Fomentar a capacidade crítica.
- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- * Fomentar a empatía.
- * Aumentar a capacidade para a toma de conciencia e a reflexión.
- * Fomentar nos alumnos as capacidades de procura e organización da información.
- * Desenvolver as habilidades TIC.

LER
PARA
SABER

ORIENTACIÓNS

O lector vaise encontrar con dúas historias que suceden en espazos diferentes, pero que aos poucos se van cruzando ao longo da noite para fundirse nunha soa.

Unha novela con moita intriga que o atraparás desde o principio por ser áxil, dinámica e misteriosa. Mantente en ascuas cos constantes cambios que van xerando as diferentes hipóteses do traballo policial. Todo iso acompañado dunha interesante cita a cegas que vai avanzando en intensidade conforme se van coñecendo os protagonistas.

Para eles, as redes sociais convértense nun misterioso xogo que pode resultar moi perigoso.

Posúe un bo final, insospeitado, no que se fai xustiza e que convida a reflexionar aos mozos sobre os perigos das redes sociais e a importancia de non quedar a cegas con descoñecidos, aínda que nos comunicamos con eles mediante as redes sociais.

A maioría das actividades propostas están pensadas para traballar en grupos reducidos e, posteriormente, con toda a clase. Por iso, consideramos importante que o profesor tente promover un bo clima na aula, onde se respire confianza e respecto por todas as opinións expostas polos alumnos.

As actividades propostas poden traballarse en distintos graos de afondamento, en función dos intereses do grupo ou do profesor, e están baseadas na aprendizaxe cooperativa e as rutinas de pensamento.

A **aprendizaxe cooperativa** é un método baseado no traballo en equipo dos estudantes. Inclúe diversas técnicas nas que os alumnos traballan conxuntamente para lograr determinados obxectivos comúns, dos que son responsables todos os membros do equipo.

As **rutinas de pensamento** son estruturas coas que os alumnos —de maneira individual ou colectiva— inician, discuten e xestionan o seu pensamento ao tempo que descubren modelos de conduta que permiten utilizar a mente para xerar pensamentos, reflexionar e razoar.

A lectura desta novela pode dar pé ao traballo de aspectos como:

- ♥ O perigo das redes sociais.
- ♥ A adolescencia.
- ♥ O amor.



ACTIVIDADE 1:

(Antes da lectura): «**VEXO – PENSO – PREGÚNTOME**»

OBXECTIVOS XERAIS




- * Motivar a lectura do libro.
- * Traballar a expresión oral e escrita.
- * Fomentar a capacidade crítica e de formular hipóteses.

ACTIVIDADE

Nesta rutina de pensamento, o profesor mostraralle ao grupo a fotografía da portada do libro e pediralles aos alumnos que a observen e que, de modo individual, respondan as seguintes cuestións

- * Que é o que ves? (Deben razoar as súas interpretacións.)
- * Que é o que pensas?
- * Que preguntas te fas sobre a imaxe que estás a ver?

Para responder as preguntas daráselles unha ficha preparada que terán que completar:

 VEXO Que é o que observo?	 PENSO Que creo que significa?	 PREGÚNTOME Que dúbidas teño?

ACTIVIDADE

Ao rematar a tarefa individual, realízase a posta en común. É conveniente que os alumnos comecen sempre as frases con «vexo...», «penso...» ou «pregúntome...».

ORIENTACIÓNS

Durante a posta en común, en caso necesario, o profesor axudaralles aos alumnos a reformular os seus pensamentos e a organizalos de modo coherente.

ACTIVIDADE 2:

(Antes da lectura): «**PALABRA, IDEA, FRASE**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Promover o hábito da lectura.
- * Fomentar a capacidade crítica.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.

ACTIVIDADE

A partir do texto inicial, previo aos capítulos, pediráselles aos alumnos que:

- Lean o texto de maneira individual e, posteriormente, seleccionen unha palabra que chame a súa atención, unha idea que sexa significativa para eles e unha frase que lles axudara a entender o texto. Na aula colgaranse tres cartolinas de cores e títulos diferentes: «palabra», «idea» e «frase». Os alumnos poderán escribir o que seleccionaron do texto nuns papeis que pegarán na cartolina correspondente.

Desta forma, farán visible o seu pensamento e poderán comprobar a diversidade de conceptos que se extraeron do texto.

- En grupo, que fagan unha posta en común das palabras, ideas e frases explicando un a un o porqué das súas eleccións.
- A partir das respostas obtidas, e coa axuda doutros alumnos, que respondan:
 - * Que temas hai en común?
 - * Que interpretacións ou predicións se poden extraer do texto?
 - * Que aspectos do texto se esqueceron na discusión do grupo? Por que?
 - * Por último, que reflexionen sobre a súa nova comprensión e sobre o que a utilización desta rutina achegou na súa aprendizaxe.

ORIENTACIÓNS

A rutina «palabra, idea, frase» ten como finalidade capturar aquelas ideas principais dun determinado texto e buscar o significado desde distintos puntos de vista.

Para desenvolver esta actividade, o profesor terá que dispor de cartolinas de distintas cores.

ACTIVIDADE 3:

(Durante a lectura): «**3, 2, 1, PONTE**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Reflexionar sobre o pensamento inicial.
- * Fomentar a capacidade crítica.
- * Desenvolver as estratexias de procura de información.
- * Tomar conciencia dos perigos das redes sociais.


ACTIVIDADE

Na novela faise referencia ás redes sociais e aos seus posibles perigos. Nesta actividade proponse que os alumnos reflexionen sobre as súas ideas, pensamentos e dúbidas acerca deste tema e que os conecten cos seus pensamentos novos.

O obxectivo é crear unha «ponte» entre as ideas previas e as ideas novas despois de informarse sobre o tema.

Esta rutina introducirase facendo que os estudantes utilicen a técnica de traballo do «3, 2, 1» (3 pensamentos, 2 preguntas e 1 metáfora). O traballo realizarase individualmente e por escrito, cubrindo o gráfico seguinte:

TEXTOS INICIAIS
3. Ideas
2. Preguntas
1. Metáfora



ACTIVIDADE 3:

RESPOSTAS FINAIS		
3. Ideas	2. Preguntas	1. Metáfora

CONCLUSIÓNS

ACTIVIDADE

Primeiro exploranse na parte esquerda as ideas, preguntas e metáforas que teñen, inicialmente, sobre o movemento ocupa.

Os alumnos empezarán a traballar o tema buscando información sobre el: artigos, vídeos etc. Tras a experiencia, completarán outro «3, 2, 1» coas súas impresións finais.

Logo, extraerán as súas conclusións comparando ambas as columnas. Para acabar, pódese facer unha posta en común dos pensamentos iniciais e dos novos, explicándolles aos seus compañeiros como e por que cambiaron os seus pensamentos.

ORIENTACIÓNS

É importante que a información nova provoque situacións nos alumnos que lles axuden a formular novos modos de ver e interpretar as cousas.

Hai que deixar claro en todo momento que o seu pensamento inicial non é correcto ou incorrecto; é só un punto de partida. As novas experiencias conducen o noso pensamento cara a novas conclusións.

ACTIVIDADE 4:

(Durante a lectura): «**REPRESENTACIÓN TEATRAL**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Potenciar o gusto pola estética e a arte.
- * Aplicar técnicas teatrais.

ACTIVIDADE

Nesta actividade distribúese a clase en grupos reducidos de 4 ou 5 alumnos, de modo que lles sexa fácil organizarse e establecer pautas de traballo.

- Pediráselle a cada grupo que elabore unha pequena representación teatral (con música) sobre algunha das escenas que aparecen na obra favorita de Gerard: *O principião* do escritor francés Antoine de Saint-Exupéry. Para isto poden consultar material de distintos tipos: o libro, fotografías, vídeos, películas etc.
- Ao rematar a preparación da obra teatral, farase unha pequena representación ante o resto da clase. Sería conveniente que non excedese os 10 minutos de duración.
- Cando acabe cada obra, o resto da clase avaliará o grupo atendendo aos seguintes aspectos:
 - * Corrección da representación.
 - * Expresión das emocións por parte dos actores.
 - * Claridade coa que se expresaron os intérpretes.
 - * Participación de todos os membros do grupo.
 - * Calidade e vistosidade dos decorados, do vestiario etc.
 - * Valoración global.

Despois, tendo en conta os resultados da avaliación, ofrecerase unha avaliación global de cada grupo.

Para iso daráselle a cada grupo de traballo unha ficha avaliativa cos distintos aspectos que hai que valorar. Puntuaranse do 1 ao 5, sendo o 1 a valoración mínima e o 5, a máxima.

EQUIPO	1	2	3	4	5
1. Corrección da representación					
2. Expresión das emocións por parte dos actores					
3. Claridade coa que se expresaron os actores					
4. Participación de todos os membros do grupo					
5. Calidade e vistosidade dos decorados, do vestiario etc.					
6. Valoración global					

O profesor ou profesora recollerá as diferentes valoracións e poderaas utilizar como parte da valoración final da actividade.

ORIENTACIÓNS

Hai que ter en conta que, aínda que a representación sexa breve, require un tempo de preparación importante. Sería interesante pedir a colaboración de profesores doutras materias como música, plástica ou educación física.

O profesor ou profesora poderá engadir algún outro aspecto para valorar na ficha avaliativa.

ACTIVIDADE 5:

(Despois da lectura): «**VIDEOCLIP**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Potenciar a expresión oral e a capacidade argumentativa.
- * Reflexionar sobre os posibles perigos que se poden atopar nas redes sociais.
- * Fomentar a capacidade crítica.

ACTIVIDADE

Con esta actividade propónse activar o coñecemento previo, axudar a xerar ideas e facilitar as conexións entre ideas relacionadas co tema das redes sociais.

- O profesor ou profesora proporalles aos alumnos o visionamento da seguinte historia relacionada cos perigos das redes sociais:
<https://youtu.be/Ak3qp4qRAiY>
- Posteriormente pediráselles aos alumnos:
 - * Que xeren unha listaxe das ideas iniciais que lles veñen á mente relacionadas co que viron.
 - * Que vaian clasificando as ideas con todo o grupo e elaboren un mural onde se coloquen máis preto ou lonxe do centro en función da importancia que teñan.
 - * Que relacionen as ideas mediante liñas de conexión entre as que teñen algo en común.
 - * Que engadan ideas que esqueceran ou non se tiveran en conta e se elabore un mapa final que reúna todas as ideas xeradas.

ORIENTACIÓNS

O profesor ou profesora terá que ter preparado o material necesario para elaborar o mapa conceptual.

Ao rematar o mapa, se o profesor ou profesora o encontra conveniente, podería iniciarse unha breve charla a modo de resumo.

ACTIVIDADE 6:

(Despois da lectura): «**PREGUNTAS CREATIVAS - QUE QUERO SABER DE TI?**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Desenvolver a capacidade de síntese.
- * Fomentar a capacidade de reflexión e escoita.
- * Potenciar a empatía.
- * Desenvolver a expresión oral.
- * Traballar as relacións sociais.

ACTIVIDADE

Ao rematar a lectura do libro, pídeselles aos alumnos que —do mesmo xeito que fixeron os protagonistas Gerard e Lara— elaboren un cuestionario para coñecerse mellor entre eles

O obxectivo é que busquen profundar no coñecemento da outra persoa (un compañeiro de clase) cunha serie de preguntas elaboradas, non superficiais.

- Proporáselles aos alumnos que pensen e escriban todas as preguntas que se lles ocorra a partir do que saben sobre a outra persoa. Se se ve que teñen dificultades para elaboralas ou que son demasiado simples, poderáselles axudar mostrándolles unha listaxe de posibles preguntas do tipo:
 - * Que pasaría se...?
 - * Cales son as razóns...?
 - * Imaxina que...
 - * Supoñamos que...
 - * Que pasaría se coñeceses a...?
 - * Que sería diferente se...?
 - * Como actuarías se...?
- A seguir, farase unha posta en común na aula das preguntas xeradas. Coa axuda dos alumnos, resaltaránse as preguntas que resulten máis interesantes e adecuadas e poderase confeccionar un mural coma o seguinte:

ACTIVIDADE 6:

PREGUNTAS CREATIVAS	PREGUNTAS CREATIVAS DESTACADAS

- Pedirémolles aos alumnos que seleccionen, por parellas, 5 ou 6 preguntas para lle facer ao seu compañeiro ou compañeira.
- Ao rematar as entrevistas, poderáselles formular aos alumnos unha nova pregunta que sirva de autoavaliación:

* Que aspectos descoñecías do teu compañeiro ou compañeira?

ORIENTACIÓNS

- Antes de comezar a rutina é conveniente traballar cos alumnos exemplos sinxelos de boas preguntas.
- A primeira vez que se aplique a rutina pódense xerar as preguntas en pequenos grupos de traballo (de 3 ou 4 persoas).
- É importante revisar as preguntas e asegurarse de que son adecuadas e non poidan ferir a sensibilidade de ninguén.
- En función do grupo, pódese facer que expoñan diante dos demais as preguntas e respostas propostas.